



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión de recursos humanos en empresas turísticas

Materia	Xestión de recursos humanos en empresas turísticas			
Código	O04G240V01305			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Diéguez Castrillón, María Isabel			
Profesorado	Diéguez Castrillón, María Isabel			
Correo-e	idieguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A asignatura estudia o proceso de xestión dos Recursos Humanos a través de conceptos, estratexias, procesos e técnicas que permitan a correcta dirección dos mesmos.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C5	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas
C8	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto do marco legal que regula as actividades turísticas.
C12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal
D1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Posuír coñecementos acerca dos conceptos relacionados coa xestión dos RRHH: estratexias, procesos e técnicas, e o seu papel no sector turístico	A1	B5	C12	
		B8		
Xestionar e dirixir os procesos e estratexias vinculados aos RRHH de forma ética, responsable e asertiva	A2	B5	C12	D1
	A3	B8		

Tomar decisións na procura de dar solucións a problemas relativos á situación socio-laboral da empresa aplicando métodos e técnicas adecuados, e emisión e presentación de informes correspondentes	A2 A3 A4	B3 B5 B7	C5 C12	
Dominar ferramentas de xestión de recursos humanos	A2 A3 A4 A5	B1 B3	C5	
Deseñar estratexias vinculadas aos recursos humanos de forma ética, responsable e asertiva	A2 A3 A4	B1 B7 B8	C5 C8 C12	D1

Contidos

Tema	
TEMA 1: Xestión dos RRHH	Evolución da xestión de RRHH, Análise de actividades, o departamento de RRHH
TEMA 2: Planificación estratéxica dos RRHH	Diagnóstico estratéxico de RRHH, Obxectivos, Actuacións
TEMA 3: Recrutamento e selección	Fontes de información de RRHH, técnicas e instrumentos de recrutamento e selección
TEMA 4: Retribución	Elementos dos sistemas de retribución, modelos retributivos
Tema 5: Desenvolvemento	Formación, xestión do desempeño
Tema 6: Igualdade	Prácticas de xestión de RRHH con perspectiva de igualdade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	23	23	46
Estudo de casos/análises de situacións	23	46	69
Probas de tipo test	4	7	11
Probas de resposta curta	6	6	12
Estudo de casos/análise de situacións	4	8	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Explicación do profesorado dos contidos básicos da materia, fontes de información e pautas para acadar os resultados de aprendizaxe. Interacción cos estudantes
Estudo de casos/análises de situacións	Resolución de casos e exercicios prácticos, búsqueda de solucións para problemas concretos de situacións

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Atención personalizada para a resolución de dúbidas sobre contidos da materia ou resolución de actividades
Probas	Descrición
Probas de tipo test	Atención personalizada para a resolución de dúbidas sobre contidos da materia ou resolución de actividades
Probas de resposta curta	Atención personalizada para a resolución de dúbidas sobre contidos da materia ou resolución de actividades
Estudo de casos/análise de situacións	Atención personalizada para a resolución de dúbidas sobre contidos da materia ou resolución de actividades

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos/análises de situacións	Resolución nas sesións dos GM de casos prácticos, en grupo ou individualmente, sobre os contidos da materia. Exposición (Actividade A)	25	A1 B1 C5 D1 A2 B3 C8 A3 B5 C12 A4 B7 A5 B8

Probas de tipo test	Realización de dúas probas de seguemento da avaliación continua (Actividade B e Actividade C) onde os conceptos básicos teóricos serán abordados a través de preguntas test.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B5 C8	C5 C8	
Probas de resposta curta	Proba final de avaliación global de síntese de conceptos teórico-prácticos (Actividade D)	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7 B8	C5 C8 C12	D1
Estudo de casos/análise de situacións	Realización de dúas probas de seguemento de avaliación continua (Actividade B e Actividade C) onde a aplicación práctica dos conceptos teóricos serán abordados a través da resolución de casos prácticos individualmente	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B7	C12	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira convocatoria (xaneiro)

Alternativa a) Avaliación continua segundo os criterios de avaliación arriba expostos. Para superar a avaliación continua é obrigatorio obter como mínimo un 5 sobre 10 nas actividades avaliativas B, C e D.

Para os estudantes que sigan a avaliación continua e non teñan superado unha das actividades B ou C poderán recuperar a actividade suspendida na data oficial de xaneiro establecida para a proba global de avaliación da materia.

Enténdese que os estudantes que teñen algunha cualificación nalgunha das actividades obxecto de avaliación seguen a avaliación continua.

Alternativa b) So para os estudantes que non teñan seguido a avaliación continua. Exame global dos contidos da materia. A cualificación do exame será o 100% da nota final.

Segunda convocatoria (xullo):

Alternativa a) Exame global dos contidos da materia no mes de xullo. A cualificación do exame será o 100% da nota.

Alternativa b) Só para estudantes que teñan seguido a avaliación continua e non teñan superado UNHA das actividades avaliativas B, C, D poderá recuperar a actividade suspendida na data oficial de xullo establecida para a proba de avaliación da materia.

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ó alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Observación: Calquera evidencia de traballos e probas plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

IMPORTANTE: *As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016. Non obstante, o calendario poderá ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consulten a páxina web da facultade por se hai cambios no mesmo. Ante conflitos nas datas publicadas nos diversos medios, prevalecerá a existente na páxina web da facultade.*

Bibliografía. Fontes de información

Acosta, J.; Fernández, N. e Mollón, M., **Recursos Humanos en empresas de turismo y hotelería**, 2002,

Bayón, F. e García, I., **Gestión de RRHH. Manual para técnicas en empresas turísticas**, 1995,

De la Calle, M^a. y Ortiz, M., **Fundamentos de Recursos Humanos**, 2044,

Del Valle, V. y Gómez, J.L., **Recursos Humanos**, 2009,

Dolan, S., Valle, R., Jackson, S.E., e Schuler, R., **La gestión de los recursos humanos**, 2007,

Puchol, L., **Dirección y gestión de Recursos Humanos**, 2007,

Pardo, M; Luna R., **Recursos Humanos para turismo**, 2006,

Martin I., Gaspar A., **Adminstración de los recursos humanos en las empresas turísticas**, 2010,

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I/O04G240V01102
